

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
CORRESPONDENTE O DÍA 30 DE DECEMBRO DE 2013.-**

Na Casa Consistorial do Concello de Ribadavia, o día trinta de decembro de dous mil trece; a unha do mediodía xúntanse os señores que de seguido se sinalan para celebraren a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local correspondente a esta data: Alcalde-Presidente Don Marcos Blanco Jorge.- Concelleiros: Don José Ignacio Gómez Pérez e Don José Prieto Pérez. Non asiste Don Javier Iglesias Sendin.

Está presente o Secretario-Interventor do Concello, Don Vicente Soto Rodríguez.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde, pásase de seguido ó estudio dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan se-los seguintes:

1.- ACTA ANTERIOR.-

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, aproba o borrador da Acta da sesión anterior, que foi a celebrada o pasado vintetres de decembro de dous mil trece (ordinaria).

2.- OBRAS MAIORES.-

Non houbo.-

3.- ESCRITOS DOS SEÑORES CIDADÁNS.-

OUTORGAMENTO LICENCIA DE APERTURA OU ACTIVIDADE RIB/N/134/13.-

Visto o escrito de **Don Jesús Martínez Santamaria, na representación de Servicios Sanitarios do Ribeiro S.L.**, con domicilio na rúa do Carballiño nº 30, desta Vila, no que solicita Licenza de apertura de actividade para reten de ambulancias no devandito inmovible, segundo documentación técnica que obra no expediente.

Visto o informe técnico da Arquitecto Municipal de data 27 de decembro de 2013 e o informe xurídico de data 30 de decembro de 2013, ambos favorables aínda que con condicionados .

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda :

1. Conceder licenza de actividade a **Servicios Sanitarios do Ribeiro S.L.** para a reten de ambulancias no inmovible sito na rúa do Carballiño nº 30, baixo, desta Vila, quedando supeditado o outorgamento da licenza de apertura definitiva ou de apertura e entrada en funcionamento, o pago da taxa correspondente.



Outras condicións:

- As actividades deberá axustarse a documentación anexa aportada o expediente.
- O interesado fará aboamento no Concello da cantidade de 557,34 euros, en concepto de dereitos de concesión, sen o cal este acordo ficará nulo e sen efecto, de acordo co que establece a Ordenanza fiscal reguladora da taxa polo apertura de establecementos”.

4.- ESCRITOS OFICIAIS.-

A Xunta de Goberno Local toma coñecemento dos seguintes:

- Da Xefatura Territorial da Consellería de Traballo e Benestar, comunicando Resolución concedendo subvención para a contratación de axente de emprego e desenvolvemento local.
- Convenio-Marco de Colaboración entre o Concello de Ribadavia e a Asamblea Comarcal da Cruz Vermella de O Ribeiro.
- De Agader, comunicando Resolución concedendo anticipo por miporte de 14.920,24 euros, correspondente o Programa de Mellora de camiños de titularidade municipal 2013-2014.
- Do Xulgado do Social núm. 1 de Ourense, Sentencia relativa o procedemento núm. 784/2013 (Conflictos Colectivos).
- De Augas de Galicia, comunicando informe trimestral (Xullo-Setembro 2013), relativo a EDAR de Ribadavia (Francelos).

5.- CUESTIONS ECONÓMICAS E ASUNTOS VARIOS.-

LIQUIDACIÓNS PROVISIONAIS 2013 (1º, 2º e 3º CUATRIMESTRE) REMITIDA POLA DEPUTACION PROVINCIAL RELATIVA A XESTION DE RESIDUOS SOLIDOS URBANOS DE RIBADAVIA.-

Visto os Decretos da Presidencia da Deputación Provincial de data 8 de outubro, 13 e 16 de decembro de 2013, relativo a xestión de residuos solidos urbanos de Ribadavia, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, adopta os seguintes acordos:

PRIMEIRO.- Tomar coñecemento dos seguintes:

- a).- Liquidación provisional correspondente o primeiro cuatrimestre do ano 2013, por importe de 70.079,75 euros, segundo detalle que se acha no expediente.
- b).- Liquidación provisional correspondente o segundo cuatrimestre do ano 2013, por importe de 70.079,75 euros, segundo detalle que se acha no expediente.
- c).- Liquidación provisional correspondente o terceiro cuatrimestre do ano 2013, por importe de 70.079,75 euros, segundo detalle que acha no expediente.



SEGUNDO.- Dar traslado das referidas liquidacións os servicios de Intervención e Tesourería os efectos oportunos.

APROBACION DE CONTRATO.-

“A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, presta aprobación o Contrato de Consultoría e Asistencia Técnica con Don Manuel García Valdeiras, para a realización do servizo de asesoramento arqueolóxico para a Oficina de rehabilitación do casco histórico de Ribadavia para o ano 2014”.

XERACIÓN DE CRÉDITOS Nº10/13.-

“A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, presta aprobación o Expediente de xeración de créditos nº10 /13, por importe de 14.920,24 euros con cargo a compromisos firmes doutras Administracións Públicas para financiar gastos que pola natureza son competencia desta Administración Municipal”.

6.-ROGOS E PREGUNTAS QUE SE FORMULEN REGULAMENTARIAMENTE.-

Non houbo.-

E sendo a unha e media do mediodía, o Sr. Alcalde, ergueu a sesión, estendéndose a presente, do cal, coma Secretario, certifico.

